



## BANDO

O Concello de Narón, con relación ás fogueiras de San Xoán e San Pedro, informa:

1º As solicitudes para a realización de fogueiras con motivo das festividades de San Xoán e San Pedro deberán comunicarse ao número de teléfono 607 971 628. As chamadas atenderanse desde o luns 10 de xuño até o 21 de xuño, de luns a venres en horario de 10.00 a 13.00 h.

2º Para a comunicación das fogueiras é necesario comunicar o nome e apelido da persoa solicitante, así como o número de DNI, o enderezo da residencia e a localización na que será levada a cabo.

3º A comunicación da fogueira realízase con fins informativos e en ningún caso exime do cumprimento da normativa de aplicación na materia.

4º No caso de fogueiras organizadas en espazos públicos, considerarase de aplicación a normativa de espectáculos públicos e actividades recreativas, polo que xunto coa solicitude, deberá presentarse a documentación indicada no MODELO A-ALC-04. No caso de fogueiras en espazos privados e que non estean abertas ao público, só será preciso a súa comunicación telefónica.

5º Co obxectivo de garantir a seguridade nas fogueiras, a presentación da comunicación ou solicitude implicará o compromiso de cumprir os seguintes requisitos:

- As dimensións non poderán superar os cinco metros de altura e os tres de diámetro.
- As fogueiras estarán situadas a unha distancia mínima de 30 metros das vivendas vehículos, instalacións, tendidos eléctricos ou telefónicos e zonas vexetais.
- As fogueiras non poderán estar situadas nas vías de acceso ou de circulación.
- En caso de que na zona exista máis dunha fogueira, a distancia entre elas debe ser dun mínimo de 100 metros.
- Non se queimarán residuos perigosos ou tóxicos, como pneumáticos, aceites, plásticos, envases baleiros ou aerosois.
- As fogueiras deben estar vixiadas até a súa total extinción, debendo contar con medios adecuados ás súas dimensións.
- No caso de que se levante vento que poida dificultar a vixilancia e/ou extinción da fogueira, esta deberá suspenderse ou apagarse de inmediato.
- En caso de calquera accidente avisarase o máis rápido posible ao 112.

6º As fogueiras iniciaranse ás 20.00 h e deberán extinguirse antes das 3.00 h, sendo a persoa solicitante a responsable de garantir a limpeza de calquera residuo.

Asdo.  
Marian Ferreiro Díaz

Alcaldesa do Concello de Narón

Narón, 6 de xuño de 2024